



COSTA DE RIANXO

De Taragoña á Punta Sebeira

Adela Leiro, Mon Daporta
stembro 2018



Distancia: 8 km (lineal)

Dificultade: baixa



Praia de Taragoña



Punta de Iñobre



Praia da Torre



Praia de Susolmos

Unha camiñada de traxecto lineal para percorrer, pola beira do mar, o espazo que acolle os elementos máis destacados da costa do concello de Rianxo. De interese natural (areais e rochedos), histórico-artístico (castelos, igrexas...) e etnográfico (conxuntos urbáns, peiraos tradicionais, embarcacións, oficio relacionados co mar...

PERCORRIDO

Comezamos na rampa do peirao de **Taragoña** e cruzando a praia buscamos un sitio para subir ao carreiro, sinalizado e limpo, da senda litoral de Taragoña que permite avanzar con facilidade ata acadar a **punta de Iñobre** desde a que se abrangue un bo tramo da **ría de Beluso** que se abre entre a punta de Iñobre e a punta do Neixón. Volvendo ao carreiro avanzamos un pouco máis antes de baixar á **praia de Susolmos**, que cubre a marea, e camiñar por ela ata a **praia da Torre**, desde a praia da Torre subimos á ponte peonil para cruzar o **esteiro do río Te**, desde ela temos unha vista da desembocadura do río e do conxunto do **castelo da Lúa**, e continuamos polo paseo a todo o longo do casco urbán DE Rianxo para achegarnos ao porto e seguir camiño ata a **punta Fincheira**, onde a costa cambia de dirección e temos unha boa vista de conxunto das praias máis coñecidas do concello (**Quenxo** e **Tanxil**) ás que podemos ir polo carreiro que vai por detrás das casas. Desde Tanxil seguimos polas rochas ata a **praia do Tronco** e desde ela pola beira do mar ou polo camiño que hai á beira das casas ata a desembocadura do rego da Grenla. Desde alí, como o camiño pola beira é traballoso pero de pouco interese, seguimos polo camiño no que collemos o primeiro desvío á dereita para pasar ás **praias da Pereira Torta** e **do Porrón**, e da do Porrón á das **Cunchas** que só separan uns metros, os do istmo que une a terra o **promontorio do Castro**. A praia das Cunchas remata na **punta Sebeira** onde damos por rematado o percorrido.



Río Te




Punta da Torre. Castelo da Lúa.
De orixe medieval, foi abandonado no século XVII



Praia do Pazo



O Sinal de Rinlo



RIANXO



Museo do Mar de Rianxo



Vista aérea de Rianxo co porto e as praias do Quenxo e Tanxil, separadas polo antigo portoiño de Cortes.



Punta Fincheira



Praia de Quenxo



O pequeno porto de Cortes está actualmente medio soterrado entre os areais de Quenxo e Tanxil (despois das obras de rexeración das praias). (Imaxe do 2006).




Praia de Tanxil e porto de Cortes



Praia do Tronco



Punta de Redemuíños



Praia da Pereira Torta



Punta do Salto do Ladrón



18-Praia do Porrón, entre a Punta do Salto do Ladrón e a Punta do Castro



Punta do Castro



Punta Sebeira



Praia das Cunchas
(entre as puntas do Castro e Sebeira)